

**ASUNTO: Informe solicitado polo Alcalde da Corporación, en relación co Convenio Urbanístico para a Modificación Puntual con ordeación detallada do Plan Xeral de Ordeación Urbana do Concello de Chantada.**

De acordo co artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por o que regúlase o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, o artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público, e as Bases de Execución do Orzamento, emítese o seguinte

**INFORME DE INTERVENCIÓN****PRIMEIRO.- ANTECEDENTES RELACIONADOS CO EXPEDIENTE.**

- Proposta de Convenio Urbanístico pola empresa “MIRTA PROPERTIES, SLU”, de data 12/07/2019.
- Convenio Urbanístico para a modificación puntual con ordeación detallada do Plan Xeral de Ordeación Urbana do Concello de Chantada, de data 12/07/2019.
- Providencia de alcaldía solicitando que por intervención se emita informe sobre a necesidade ou, no seu caso innecesiedade de fiscalización da proposta de convenio presentada, de data de asina do documento electrónico, 16/07/2019.
- Informe do arquitecto, Juan García Perez, de data de asina do documento electrónico, 17/07/2019.
- Informe de secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, María Yebra-Pimentel López, de data de asina do documento electrónico, 17/07/2019.
- Proposta de alcaldía de data de asina do documento electrónico, 17/07/2019.

**SEGUNDO.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

En primer lugar, cabe sinalar o incumprimento do prazo sinalado no artigo 10 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, para o exercicio da función interventora.

Segundo se sinala no informe da Secretaria “*Segundo a normativa sinalada, a xurisprudencia e a doutrina, o convenio urbanístico está suxeito a determinados límites, entre os que cabe citar:*

- *Prohibición de contravención do ordeamento xurídico*
- *Prohibición de reservas de dispensación*
- *Prohibición de negociación de potestades administrativas irrenunciabes*
- *Axuste ao interese xeral*
- *Transparencia, publicidade e primacía da concurrencia competitiva.*
- *Integración no patrimonio público do solo das cesións de aproveitamento urbanístico e das aportacións económicas.”*

Do Convenio que existe no expediente, non se desprende ningunha documentación para determinar a “*Integración no patrimonio público do solo das cesións de aproveitamento urbanístico e das aportacións económicas*”

Do expediente non se desprende xustificación técnica e xurídica dunha actuación aillada. Non especificándose en ningún informe se a actuación aillada está prevista no PXOM de Chantada o no seu planeamento.

Existe unha indeterminación dos sistemas de actuación, propoñendo unha actuación indirecta, tanto Concerto coma Compensación.



Por último cabe sinalar, o riscos da inexecución da modificación puntual do planeamento, consecuencia das expectativas xeradas no caso de que se aprobe o Convenio urbanístico, xa ca potestade do planeamento da Administración, debe exercerse en aras o interés xeral e dacordo co ordeamento urbanístico, non según o sinalado nun Convenio urbanístico (STSJ del País Vasco de 28 de marzo de 2003, STS 327/2014, de 5 de febrero de 2014, entre outras)

**TERCERO.- CONCLUSIONES.**

A vista de todo o que antecede non existen datos económicos, para efectuar unha valoración económica do expediente, e polo tanto no se pode elaborar ningún informe económico-financeiro, nos termos sinalados na normativa vixente.

Co respecto á fiscalización do expediente, tal e coma sucede en todos os expedientes tramitados no Concello, enténdese por fiscalización previa a facultade que compete ao órgano interventor de examinar, antes de que se dite a correspondente resolución, todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos e valores, co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, a súa conformidade coas disposicións aplicables en cada caso; dando lugar a omisión de fiscalización sinalada no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, no caso de que fose preceptiva a función interventora e ésta fose omitida.

Non se informa no expediente sobre a legalidade urbanística e viabilidade do Convenio, sinalando o técnico que *“As determinacións urbanísticas contidas no convenio informaranse con maior detalle unha vez se presente no Concello o documento de modificación puntual, independentemente do cal e polo que respecta as cuestións xerais expostas nel considéranse compatibles coa estrutura urbana prevista no P.X.O.U. en vigor, mellorando as dotación urbanísticas previstas na actualidade o que redundará nunha mellora da calidade de vida dos cidadáns de Chantada, reforzando o seu papel de cabeceira de comarca”*

E por último, non existe no expediente informe de legalidade do Convenio urbanístico, tal e como sinala a Lei, sendo éste de carácter preceptivo.

**En Chantada, a data da sinatura electrónica.**

**A Interventora,**

**Asdo. M<sup>a</sup> Cristina González Santín**

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**